

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

En Santiago de Compostela a 14 de febreiro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, [REDACTED], conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade segundo o Decreto 68/2003, do 14 de xuño, e presidenta do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, de acordo ao disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, ten a competencia para a firma deste convenio.

Doutra parte, [REDACTED], reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Instituto de Seguridade e Saúde laboral de Galicia, en adiante ISSGA, é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula.

O carácter técnico científico do ISSGA fai que manteña unha constante e continua relación co ámbito universitario, especialmente coas universidades públicas galegas.

Así tal e como queda recollido nos Plans de actuación anuais do Instituto, este colabora coa formación práctica do alumnado dos mestrados universitarios en PRL das universidades galegas, a través dos convenios de cooperación educativa asinados con estas universidades para a realización de prácticas académicas externas nos centros territoriais do Instituto. Ademais, a nova 'Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027' establece como unha das súas prioridades a colaboración coas Universidades e os centros de investigación para promover a investigación e a mellora do coñecemento en materia de

prevención na seguridade e saúde de Galicia.

Segundo.- Que a Universidade de Vigo, en adiante UVigo, é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación en áreas de interese xeral.

Correspóndelle á Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Terceiro.- O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

Cuarto.- O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do Estudiante Universitario", establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Quinto.- As prácticas na Universidade, ademais de pola normativa estatal, deben axustarse ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno do 29 de abril de 2021 e modificado en Consello de Goberno do 22 de novembro de 2023.

Sexto.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Vigo de aí que sexa un dos seus obxectivos complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.

Sétimo.- Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes do Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo a realización de prácticas académicas externas nas dependencias do ISSGA.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes, coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Segunda.- Obrigas do ISSGA

O ISSGA achegará ás súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

O ISSGA ofertará para a realización das prácticas os destinos e as prazas previstas no Anexo I deste convenio.

O ISSGA nomeará un titor ou titora que se encargará do seguimento das prácticas, supervisará a súa realización e emitirá un informe final sobre o seu contido e avaliación.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do estudante sexan favorables, o ISSGA emitirlle a cada un dos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que deben constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada á avaliación que realice a universidade asinante das prácticas.

Terceira.- Obrigas da Universidade

A selección do alumnado será competencia da universidade, así como a organización do apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Por parte da universidade comunicarase ao ISSGA cunha antelación mínima de 15 días o estudante seleccionado que realizará as prácticas.

A avaliación das prácticas realizaraa a universidade a través dos seus titores ou titoras, tendo en conta a memoria elaborada polo estudante e o informe de prácticas do titor ou titora do ISSGA.

Cuarta.- Réxime xurídico da realización das prácticas

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase pola nova disposición adicional quincuaxésima segunda (inclusión en el sistema de Seguridad Social de alumnos que realicen prácticas formativas o prácticas académicas externas incluídas en programas de formación) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 do outubro.

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional quincuaxésima segunda, o estudantado en prácticas incluírase no sistema de seguridade social nos termos establecidos na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 do outubro.

Segundo o apartado cuarto da disposición adicional quincuaséxima segunda e en relación coas

entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social, ao tratarse de prácticas curriculares de mestrado non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade de Vigo.

b) Persoas destinatarias

Poderán beneficiarse deste programa aqueles estudantes matriculados na materia vinculada ás practicas académicas externas, segundo o plan de estudos do Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo.

c) Período

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte do alumnado será o número de horas recollido no plan de estudos correspondente, e sempre cun máximo de 275 horas.

d) Número de prazas

Para realizar as prácticas, o ISSGA ofertará as prazas e os destinos segundo o previsto no Anexo I deste convenio.

e) Horario

O horario das prácticas procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos, e aos horarios do centro do ISSGA onde se desenvolvan, preferentemente de 9:00 ás 14:00 horas, os días laborables. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara e se outorgarán os permisos necesarios para asistir a elas.

f) Oferta das prácticas

A universidade axustarase á normativa aprobada para a oferta, difusión e adxudicación das prácticas académicas externas, que deberá contar con criterios obxectivos previamente fixados.

Deste xeito a universidade realizará unha convocatoria pública no centro universitario onde se imparte o mestrado, na que se indicará o número de prazas de prácticas e as condicións das prácticas académicas externas, garantindo en todo caso os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

g) Titorización das prácticas

Tanto o ISSGA como a UVigo, respectivamente, designarán titores ou titoras que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.



Deste xeito, o ISSGA e a persoa coordinadora da Universidade de Vigo, deberán asinar un documento no que figuren, perfectamente detallados, cal será a tarefa do alumno, o período exacto do traballo, así como un apartado para un informe breve de ambos titores ou titoras, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do estudante e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.

h) Dereitos e obrigas da persoa titora das prácticas

O titor ou titora do ISSGA terá os seguintes dereitos:

1. Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade de Vigo, en forma de certificado de docencia, de ser requirido pola persoa interesada.
2. A recibir información acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo (guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
3. A ter acceso á Universidade de Vigo para obter a información e o apoio necesarios para cumprir os fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

1. Acolloer ao estudante e organizar a actividade a desenvolver, de acordo co establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento das prácticas, cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar ao estudante da organización e funcionamento do ISSGA e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor ou titora académica da Universidade de Vigo o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento das prácticas, así como a comunicación e resolución das posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento das mesmas e o control de permisos para a realización de exames.
5. Emitir o informe final.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.

9. Facilitar ao titor ou titora académica da Universidade de Vigo o acceso ao ISSGA para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante, como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
11. Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estadía no ISSGA, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realice.

h) Contido das prácticas

O contido específico das prácticas será o que se especifique no proxecto formativo, que se achegará como Anexo II a este convenio na documentación de formalización de cada práctica.

i) Memoria das prácticas

Ao rematar o período de prácticas, o estudante deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

k) Efectos

A realización das prácticas tuteladas polo estudante poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

l) Relación co ISSGA

Os estudantes en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral co ISSGA, nin terá consideración de contrato formativo, a tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

Os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade no ISSGA, nin (polo menos en solitario) aquelas exclusivas do persoal do ISSGA, estando sempre e, en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

A sinatura deste convenio non implicará custo económico nin orzamentario para o ISSGA nin para a universidade. O alumnado non terá dereito a remuneración, indemnización, nin gratificación ou compensación económica do instituto por mor da realización das prácticas.

O ISSGA non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo co estudante en prácticas, agás que formalice con el un contrato de traballo, suposto no que cesará na realización das prácticas, debendo comunicarse este feito á comisión de seguimento do convenio.

ll) Seguridade do estudante e responsabilidade civil

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para os estudantes menores de vinte e oito anos. Para os maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, ao cargo do estudante, un seguro específico.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realice prácticas tuteladas no ISSGA queda garantida pola Universidade de Vigo.

Quinta.- Resolución do convenio

Serán causas de resolución do convenio:

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das persoas asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera das causas recollidas na normativa da universidade sobre prácticas externas

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Sexta.- Comisión de seguimento e interpretación

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio integrada, por parte da Universidade de Vigo, pola persoa titular da Vicerretoría de estudantes, ou persoa na que delegue, e polo responsable de prácticas do centro. Polo ISSGA formarán parte da comisión unha das persoas que ocupen as subdireccións xerais e unha das persoas que ocupen unha das prazas con nivel de xefe de servizo do Instituto; ambas as dúas serán designadas pola xerencia e poderán delegar noutras persoas.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que se susciten na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.

3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión dos estudantes que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirase cando o considere necesario calquera das partes.

Sétima.- Normas de Aplicación

O presente convenio de colaboración queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Normativa do plan de estudos da titulación.

Oitava.- Duración

Este convenio estará vixente desde a data de sinatura e terá unha duración de catro anos.

Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Novena.- Publicidade e transparencia

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade achegará os datos necesarios para a publicidade do protocolo, e ambas partes farán a difusión que corresponda nas súas respectivas sedes electrónicas.

As partes asinantes deste protocolo tamén manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Decima.- Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e a súa adaptación á normativa española, a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese na data da última sinatura electrónica.

A presidenta do ISSGA

O reitor da Universidade de Vigo



ANEXO I

CENTRO DO ISSGA EN PONTEVEDRA

Nº de alumnos/as en prácticas: 2 durante o período febreiro-xuño

Perfil de titulación: Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais

Localización: Centro do ISSGA en Pontevedra. Camiño Coto do Coello, nº 2 - Rande - Redondela

Formación: Prácticas en prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, e medicina do traballo

CENTRO DO ISSGA EN OURENSE

Nº de alumnos/as en prácticas: 2 durante o período febreiro-xuño

Perfil de titulación: Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais

Localización: Centro do ISSGA en Ourense. Rúa de Villaamil e Castro, s/n - Ourense

Formación: Prácticas en prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, e medicina do traballo

ANEXO II

AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O/a alumno/a que firma abaixo acepta para participar no programa de prácticas externas _____Indicar se son Curriculares/Extracurriculares__ do Mestrado Universitario en Prevención de riscos laborais da Universidade de Vigo ao abeiro do convenio de cooperación educativa co ISSGA, con NIF S1511001H e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no devandito convenio.

DATOS DO/DA ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:			
DNI:	DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	
TITULACIÓN:			

DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA

NOME E APELIDOS: ----- Nome e apelidos persoa contacto entidade/empresa -----			
DNI:	DIRECCIÓN: -----Dirección da entidade/empresa-----		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	

DATOS DA PRÁCTICA

DIRECCIÓN LUGAR DE PRÁCTICAS: ----- Indicar dirección lugar de prácticas -----			
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
DATA INICIO DA PRÁCTICA: ----dd/mm/aaaa--	DATA FIN DA PRÁCTICA: ----dd/mm/aaaa----	Nº HORAS:	CRÉDITOS ECTS:
HORARIO ¹ :	BOLSA OU AXUDA ² : SI oU NON	CONTÍA €/MES: cantidade	Forma pagamento: Conta bancaria

1 Concretar o horario de inicio e fin das prácticas en formato HH:MM tanto se se trata dun horario en xornada continua como nun de xornada partida. No caso de que o horario varíe segundo os días da semana é necesario indicar a dita variación.

2 Bolsa ou axuda de estudos (de ser o caso) que a empresa lle concederá ao alumno ou alumna e forma na que será satisfeita (no caso de ser remunerada deberá cumprir coas obrigas recollidas na normativa tributaria e de cotización á Seguridade Social).



PERSOAS TITORAS

TITOR/A DA ENTIDADE: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas entidade/empresa -----
TITOR/A DA UNIVERSIDAD: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas UNIVERSIDADE-----

PROXECTO FORMATIVO

Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a

Coñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar as prácticas

Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a cando remate as prácticas

Forma prevista para o seguimento, orientación e avaliación do/da alumno/a durante as prácticas

O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao abeiro do nomeado convenio que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente convenio e deberá dar o seu consentimento asinando o documento de información sobre protección de datos persoais para o alumnado de prácticas externas da Universidade de Vigo que forma parte do trámite de xestión destas prácticas.

De conformidade co disposto no artigo 11 da vixente Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os responsables do tratamento dos seus datos persoais son a Universidade de Vigo e o Instituto de Seguridade e

Saúde Laboral de Galicia. Os seus datos serán tratados unicamente para a finalidade co que asina o presente documento. Pode vostede exercer os seus dereitos relativos a protección de datos persoais ante a Universidade de Vigo, no enderezo postal: Secretaría Xeral. Edificio Ernestina Otero, Campus Lagoas- Marcosende s/n, 36310 Vigo- *ou no* enderezo electrónico do delegado de protección de datos da universidade: dpd@uvigo.gal, o ante o ISSGA, Edificio SL35, Avda. Fernando Casa Novoa 35B-3º C-D 15707 Santiago de Compostela ou no enderezo electrónico da persoa delegada de protección de datos <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

Lugar, __ día __, de __ mes __, de __ ano __

Titor/a da entidade ou empresa Asdo.:Nome e apelidos titor/a entidade Cargo: Posto que ocupa na empresa	Estudiante Asdo.:Nome e apelidos estudiante	Titor/a da Universidade de Vigo Asdo.: Nome e apelidos titor/a Universidade de Vigo Cargo:Posto que ocupa na Universidade de Vigo
---	--	---

NOTA. Este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para o centro, 1 exemplar para a entidade ou empresa e 1 exemplar para o alumno ou alumna

SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE _____Indica nome Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos__ DA UNIVERSIDADE DE VIGO